

## ACTA Nº 15/10

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE ABRIL DE 2010

#### Asistentes:

##### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 12 de abril de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 12/10, do 22 de marzo de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 195/09 – D.<sup>a</sup> MIRIAM COUSO CERQUEIRA e D. FRANCISCO JAVIER FERNÁNDEZ PEAGUDA** presentan proxecto básico de vivenda

unifamiliar, a situar no barrio da Marrúa, redactado polo arquitecto D. José Míguez León, visado o 10.09.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 8 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** BASICO VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

**INFORME TÉCNICO:** **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Cumpre coas Normas do Hábitat de Galicia.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 3 de xaneiro de 2010 para ordenanza 7 das NN.SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas autorizando liña de edificación mínima a 16,5 metros do eixo da estrada e para liña de peche completamente diáfano a 11,50 metros do eixo.

Cédense 52,90M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 684,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela ascende a 1075,00 metros cadrados

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002 reformada pola 15/2004, disposición transitoria primeira 1, e) de aplicación das determinacións para núcleo rural.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	3.330,20 €
Taxas licenza urbanística.....	416,27 €
Cartel de obra .....	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros.....	180,00 €

**2.B) EXPTE. 18/10 – D. AUGUSTO LEITES CORBACHO** presenta proxecto de conservación de cuberta e construción de edificación auxiliar para vivenda unifamiliar sita no lugar da Borna, 324, do barrio do Latón-Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 16.02.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

O peticionario renuncia á licenza de construción da edificación auxiliar definida no proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	203,23 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**2.C) EXPTE. 180/09 – D. ENRIQUE RÚA VERDEAL** presenta proxecto de reforma e ampliación de edificación existente para vivenda unifamiliar adosada, sita no barrio da Moureira núm. 181, Meira, redactado polo arquitecto D. Javier Rial Lemos, visado o 09.07.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

**INFORME TÉCNICO:**Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución

A edificación do expediente axústase ao sistema viario existente polo que non procede resolución de acta de replanteo para sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal.

Non require informes sectoriais.

No expediente consta resolución do Instituto galego da vivenda e solo conforme se concede autorización de excepcionalidade do Decreto 262/2007 das Normas do Habitat Galego.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.233,03 €
Taxas licenza urbanística.....	110,09 €
Cartel de obra .....	110,00 €

### **3.- LICENZAS DE APERTURA**

**EXPTE. 03/10 – D.<sup>a</sup> BEATRIZ TENORIO RIVAS** solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 19 de xuño de 2009, licenza de apertura de local

destinado a usos administrativos na rúa Bernardino Graña, s/n, edif. Poza da Moura, portal I, piso 1º, local 2, O Rosal.

Visto o informe do aparelador municipal do 7 de abril de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **Beatriz Tenorio Rivas**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 66/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación referida no anterior informe, asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 13 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **Dna. BEATRIZ TENORIO RIVAS**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 66/2006) outorgada pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 02.de febreiro de.2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza municipal de apertura ..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **Dna. BEATRIZ TENORIO RIVAS** licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña s/n, portal I, andar 1º, local 2, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable,

debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

#### **4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

**4.A) EXPEDIENTE DE APERTURA 23/09 – D.<sup>a</sup> MARÍA DEL PILAR PEÑA RODRÍGUEZ** solicitou licenza municipal para apertura para Bar no Camiño do Prado, 89, das Barxas, no concello de Moaña.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de abril de 2010, que di:

EXPEDIENTE DE APERTURA:23/09  
PETICIONARIO:MARÍA DEL PILAR PEÑA RODRIGUEZ  
ASUNTO: BAR.  
SITUACIÓN: R/CAMIÑO DO PRADO, 89

INFORME:

Sometido o expediente a información pública atendendo ao disposto no artigo 36, a)-5, do *Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas*, de 24 de agosto de 1982, unha vez determinada a compatibilidade de usos coas NN. SS. de Planeamento Municipal.

O aforo do local definido no proxecto ascende a unha ocupación de 48 persoas.

A resultas da aplicación do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade autónoma de Galicia, queda identificada a actividade de bar polo presente decreto polo epígrafe 2.7.2.

Debe remitirse o presente expediente a Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por se estima necesario, e a teor do disposto no artigo 38 do Regulamento xeral, comunicar os condicionados procedentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.**

#### **4.B) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D.<sup>a</sup> PAULA ROMERO HERMELO**

Vista a solicitude de D.<sup>a</sup> PAULA ROMERO HERMELO na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 25 de marzo de 2010, correspondente ao expediente nº 99/2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 99/09 ordenándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle outorga licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 99/2009.**

## **5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

**5.A)** O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado polo representante de VISTA LA CAINA, SL no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para dúas vivendas unifamiliares adosadas situadas na Bouza, pertencente á licenza de obra Expte. n° 143/2006, concedida pola XGL en sesión de data 25.09.2006.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 9 de abril de 2010 que di:

### **SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

#### **Informe:**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificante do pago das taxas polos conceptos de conexión de traída de augas e conexión aos sumidoiros.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 30 de outubro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 03 de novembro de 2009; asinado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez o día 30 de outubro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 6 de novembro de 2009.
- Fotografías da obra rematada.
- Estado definitivo das obras, asinado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 06 de novembro de 2009.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

**Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación para 2 vivendas..... 260,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 143/2006, á súa promotora VISTA LA CAINA, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

**5.B)** O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. José Rosales Regueira no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada en Palmás-Domaio, pertencente á licenza de obra Expte. nº 12/2007, concedida pola XGL en sesión de data 06.08.2007.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 9 de abril de 2010 que di:

#### **SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

##### **Informe:**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. José Carlos Cancelas Méndez, o día 16 de xaneiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 22 de abril de 2009; asinado pola arquitecta Dna. María Eulalia Torres Carro o día 16 de xaneiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 24 de abril de 2009.
- Fotografías da obra rematada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

**Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación ..... 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 12/2007, ao seu promotor D. José Rosales Regueira, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

#### **6.- OBRAS MENORES**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 37/10, D.<sup>a</sup> JUANA M<sup>a</sup> GONZÁLEZ PIÑEIRO** presenta memoria para nova instalación de fontanería, pavimentación e alicatado dun baño e un aseo nunha vivenda existente en Calvar nº 22, 2º, Domaio, de conformidade coa memoria presentada e co orzamento.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** CONSERVACIÓN (OBRA MENOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación** definidas na petición.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os deberes de uso, conservación que propugna o presente petición céntranse na simple conservación de aseos conforme se define na memoria construtiva adxunta así como a preservación do uso preexistente.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 63,80€

Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

## **7.- PROPOSTAS DE GASTOS**

**7.A)** Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PROVEEDOR</b>	<b>PARTIDA</b>	<b>IMPORTE</b>
DEPORTES	SUBMINISTRO DE GASÓLEO	GASÓLEOS DO LEREZ, S.L.	3420 22103 RC 516	1.440,72
CULTURA	II FESTIVAL DE	RÍO DA RIBEIRA	3340 22601 RC 515	23,20



	PRIMAVERA: 5 placas gravadas	MACBIL, S.L.		
--	---------------------------------	--------------	--	--

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, prorrogado ao 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da concellería de facenda se efectúan nas partidas mencionadas

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

#### **7.B) GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DE LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL O REAL**

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de abril de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a centro cultural O Real.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo,

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100312377196 (220210 a 180310) 14,59 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de MANUEL SANTOMÉ GESTIDO, por importe de 14,59 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 3340 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 14,59 € a **MANUEL SANTOMÉ GESTIDO**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 3340 20200-RC 517.

#### **7.C) GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DE LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA**

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de abril de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo,

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100312174505 (220210 a 180310) 254,31 euros.

Na súa consecuencia propono: o recoñecemento da obriga a favor de HERMANOS PIDRE COBAS, C.B., por importe de 254,31 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 254,31 € a **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 2310 20200-RC 518.

## **8.- BONIFICACIÓN SOBRE FACTURAS DE TELEFÓNICA MÓVILES DE ESPAÑA, S.A.**

Visto o informe-proposta da Intervención municipal, que di:

Aprobadas en sesión plenaria de data 26 de marzo de 2010, mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, entre outras, as seguintes facturas:

- Telefónica Móviles de España, s.a. (Fact. 28-L986-148803) por importe de 2.442,29 €.
- Telefónica Móviles de España, s.a. (Fact. 28-A086-159773) por importe de 3.941,98 €.

Visto que nas mesmas figuran as seguintes bonificacións:

- Fact. 28-L986-148803 mes de novembro de 2009 por importe de 608,21 €.
- Fact. 28-A086-159773 mes de decembro de 2009 por importe de 556,65 €.

**PROPONSE:**

O recoñecemento pola xunta de goberno local, dos dereitos en concepto de bonificación das facturas emitidas por Telefonica Moviles de España que se relacionan:

- Fact. 28-L986-148803, por importe de 608,21 €.
- Fact. 28-A086-159773, por importe de 556,65 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## **9.- GRATIFICACIÓN EXTRAORDINARIA POLICÍA LOCAL**

Vistos os informes do xefe da Policía local do Concello de Moaña, onde se reflicten as horas extraordinarias realizadas polas distintas axentes que de seguido se relacionan:

	<b>DATA</b>	<b>SERVIZO</b>	<b>Autorizad</b>	<b>Diurnas</b>	<b>Nocturas</b>	<b>Festivas</b>	<b>IMPOR</b>
--	-------------	----------------	------------------	----------------	-----------------	-----------------	--------------

		<b>REALIZA DO</b>	<b>o</b>						<b>TE</b>	
JESÚS GARCÍA RODAS	23/02/10	Custodía detido	-----			1	16, 66		<b>16,66 €</b>	
JULIO CÉSAR CASAS CURRO	23/02/10	Custodia detido	-----			1	16, 66		<b>16,66 €</b>	
JESÚS BLANCO FERNÁNDEZ	21/02/10	Enterro da sardiña	R.A. 82/10					5	19,9 9	<b>99,95 €</b>
	02/04/10	Procesións semana santa	-----					3	19,9 9	<b>59,97 €</b>
JAVIER CRUZ PENA	21/02/10	Enterro da sardiña	R.A. 82/10					5	19,9 9	<b>99,95 €</b>
MANUEL EUGENIO CURRÁS TRIGO	21/02/10	Enterro da xoubiña	R.A. 82/10					5	19,9 9	<b>99,95 €</b>
MIGUEL NOGUEIRA PÉREZ	23/02/10	Custodía detido	-----			1	16, 66			<b>16,66 €</b>
	02/04/10	Procesións semana santa	-----					3	19,9 9	<b>59,97 €</b>
MANUEL GÓMEZ SILVA	26/03/10	Procesión e reforzo Pleno		3	13,33					<b>39,99 €</b>
JOSÉ BENITO PÉREZ CARRERA	21/02/10	Enterro da sardiña	R.A. 82/10					5	19,9 9	<b>99,95 €</b>
	27/02/10	Alerta vermella	-	6	13,33					<b>79,98 €</b>
JOSE MANUEL PÉREZ SANTIAGO	21/02/10	Enterro da sardiña	R.A. 82/10					5	19,9 9	<b>99,95 €</b>
	27/02/10	Alerta vermella	-	5	13,33					<b>66,65 €</b>
	26/03/10	Procesión e reforzo pleno	--	3	13,33					<b>39,99 €</b>

Visto o informe do interventor do 5 de abril de 2010 no que emite informe de reparo ao trámite administrativo seguido para a autorización de servizos extraordinarios non urxentes prestados polos axentes da policía local, pola inexistencia de documentación requirida polas bases de execución do orzamento para o ano 2010,

Visto que todas esas horas extraordinarias contan cos informes do xefe da Policía local xustificativos da súa realización,

Vista a existencia de crédito dispoñible para a imputación do gasto destas horas extras de persoal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

**Primeiro:** levantar o reparo emitido no informe do interventor municipal en relación aos servizos extraordinarios realizados por Jesús Blanco Fernandez, Javier Cruz Pena, Manuel Eugenio Currás Trigo, José Benito Pérez Carrera e Jose Manuel Pérez Santiago Pérez con motivo da celebración do enterro da sardiña, por estar tramitadas segundo o

procedemento establecido polas bases de execución do orzamento, restando unicamente o documento de retención de crédito ou certificación da existencia de crédito por razóns achacables á intervención municipal. Aprobar as respectivas liquidacións destes servizos extraordinarios para o seu posterior pagamento.

**Segundo:** levantar o reparo emitido no informe do interventor en canto ao resto dos servizos extraordinarios por tratarse de situacións imprevistas de emerxencia ou forza maior que fan imposible unha tramitación administrativa regular. Aprobar as súas liquidacións para o seu posterior pagamento.

## **10.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXAS**

D. Antonio Blanco Martínez, por escrito do 5 de abril de 2010, expón que o 1 de outubro de 2008 solicitou un vado na Xunqueira, pagou as taxas por valor de 40€ que correspondían ao último trimestre do ano 2008 e que nunca se tramitou a autorización de dito vado á espera da licenza de ocupación da UG5. Solicita a devolución dos 40 euros.

Visto o informe da tesoureira do 9 de abril de 2010, que logo de indicar a lexislación e da normativa examinada, di:

### **INFORME**

Esta Tesourería ten comprobado o depósito da taxa indicada(DRI 2008-445),a non inclusión do solicitante no padrón de vados vixente como suxeito pasivo,así como a ausencia dunha devolución previamente contabilizada ó seu favor.

Consonte ó disposto no artigo 2 da Ordenanza do Concello de Moaña reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público para a entrada de vehículos e reserva de aparcadoiro,o feito imponible o constitúe precisamente o aproveitamento especial ou privativo indicado,que no suposto que nos ocupa,dado que non se incluíu ó solicitante no padrón,non se ten producido,polo que procede a devolución do importe ingresado.

Por outra banda,a devolución deberá incluír o recoñecemento dos intereses de demora devengados de acordo coa regulación contida no artigo 31 da LXT:

*“1. La Administración tributaria devolverá las cantidades que procedan de acuerdo con lo previsto en la normativa de cada tributo.*

*Son devoluciones derivadas de la normativa de cada tributo las correspondientes a cantidades ingresadas o soportadas debidamente como consecuencia de la aplicación del tributo.*

*2. Transcurrido el plazo fijado en las normas reguladoras de cada tributo y, en todo caso, el plazo de seis meses, sin que se hubiera ordenado el pago de la devolución por causa imputable a la Administración tributaria, ésta abonará el interés de demora regulado en el artículo 26 de esta Ley, sin necesidad de que el obligado lo solicite. A estos efectos, el interés de demora se devengará desde la*

*finalización de dicho plazo hasta la fecha en que se ordene el pago de la devolución.”*

De acordo co artigo antecedente os intereses de demora devengados dende o 15 de abril de 2009 (día de vencemento do prazo de seis meses indicado computado dende a data do ingreso efectivo, que se produciu o 15 de outubro de 2008) ata o vindeiro 12 de abril, data na que previsiblemente se adoptará o acordo de devolución, serían os seguintes:

Dende	Ata	Días	Capital Acumulado	% xuro	Total xuros
15/04/2009	30/06/2009	77	40,00	5,000	0,42
01/07/2009	31/12/2009	184	40,00	5,000	1,01
01/01/2010	12/04/2010	102	40,00	5,000	0,56

Capital:	40,00
Total xuros:	1,99
Total:	41,99

Dado o anteriormente exposto,a Tesourería informa favorablemente a devolución a favor de **Antonio Blanco Martínez (NIF 35890132N),por importe de 41,99 euros**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e segundo o informe da tesoureira, acorda aprobar a devolución solicitada.

## **11.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

Visto o informe da Tesourería municipal do 8 de abril de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

\*UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A (CIF A82153834)

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
NOVIEMBRE 2009	247.396,34	3.710,95
DECEMBRO 2009	227.337,49	3.410,06
XANEIRO 2010	302.279,16	4.534,19
FEBREIRO 2010	275.806,13	4.137,09
TOTAL	1.052.819,12	15.792,29

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Distribución, S.A.. por 15.792,29 euros polos período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

## **12.- INICIO DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRAS “MODIFICACIÓN DO PASO DA TUBERÍA XERAL PROCEDENTE DE VIGO E BAIXANTE DO DEPÓSITO DA AMEIXOADA NO CASAL”**

En data 5 de xuño de 2006 o Concello acordou adxudicar definitivamente o contrato de obra “MODIFICACIÓN DO PASO DA TUBERÍA XERAL PROCEDENTE DE VIGO E BAIXANTE DO DEPÓSITO DA AMEIXOADA NO CASAL” á empresa U.T.E. MORRAZO (José Luis Méndez Sánchez), polo prezo de CINCENTA E CINCO MIL SEISCENTOS COARENTA E CATRO EUROS E OITENTA E NOVE CÉNTIMOS, (55.644,89 €), IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses.

En data 25 de xullo de 2006 extendeuse acta de replanteo iniciándose a execución das obras.

Á vista do tempo transcorrido sen que se reiniciasen as obras.

Visto o informe da Secretaría Municipal de data 7 de abril de 2010 respecto da posibilidade de resolver o citado contrato.

Propónse á Xunta de Goberno, como órgano de contratación e, de conformidade cos artigos 95 e 96 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Iniciar os trámites para a resolución do contrato de obra “Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósito da Ameixoadada no Casal” por incumprimento dos prazos de execución previstos no contrato.

**SEGUNDO.-** Conceder un prazo de dez días hábiles de audiencia ao adxudicatario para alegar o que estime oportuno no presente expediente de resolución contractual.

### **13.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MOAÑA (MOAÑA).”**

Mediante Resolución da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 aprobouse Proxecto de obra de “Mellora de eficiencia energética do alumeado público na parroquia de Moaña (Moaña)”, obra incluída no Fondo Estatal de Investimento Local. O Proxecto foi redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, e conta cun importe de execución por contrata de de execución por contrata de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.

Á oferta presentada pola empresa presenta as seguintes condicións: CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.: Prezo: CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE). Prazo de execución: Dous meses. O adxudicatario comprométese á contratación de dous traballadores durante o período de tempo da duración das obras, un deles de nova contratación.

Asemesmo a empresa presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e ca Seguridade Social e aval por importe de 2.155,17 euros.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra.

A Secretaría emite informe en data 16 de marzo de 2010 e A intervención Municipal en data 29 de marzo de 2010.

A Xunta de Goberno, á vista dos citados antecedenentes e, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 29 de marzo de 2010 por entender suficientemente xustificado, en base ás características reflectidas no proxecto, a consideración do contrato coma contrato de obra.

**SEGUNDO.-** Adxudicar o contrato menor da obra “Mellora de eficiencia energética do alumeado público na parroquia de Moaña (Moaña)” á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U. por un importe total de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de dous meses e contratación de dous traballadores durante o período de tempo da duración das obras, un deles de nova contratación.

**TERCEIRO.-** Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle cita para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo. Ademais a empresa deberá de presentar, con anterioridade á sinatura do contrato, a acreditación da contratación do traballador de nova contratación que se atopase en situación de desemprego, prioritariamente en situación de desemprego de larga duración, e que fose requirido a través

dos Servizos Públicos de Emprego, conforme Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 1650.61102 do Orzamento Municipal por importe de 50.000,00 euros.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

#### **14.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E UNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MOAÑA**

En data 15 de marzo de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Moaña, á empresa **PRETO DE TI S.L.**, e cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta:

Prezo.- **377.781,84** euros (máis 26.444,73 euros de IVE) distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2010: 83.694 euros (máis 5.858,58 de I.V.E.)

Ano 2011: 90.518,28 euros (máis 6.336,28 de I.V.E.)

Ano 2012: 97.857,60 euros (máis 6.850,03 de I.V.E.)

Ano 2013: 105.711,96 euros (máis 7.399,84 de I.V.E.)

Ditas cantidades resultan da multiplicar por (prezo/hora) **10,7300 €** (IVE non incluído) as horas de servizos previstos para cada anualidade no estudo económico-financeiro que acompaña os pregos de licitación. O prezo efectivo do contrato será o resultante de multiplicar o número de horas de servizo realizadas polo prezo/hora ofertado.

- Persoal destinado á execución do servizo: Unha traballadora social, 15 auxiliares de axuda no fogar (2 contitulación de auxiliar de clínica e 4 tituladas auxiliares de enfermería).
- Inclúe tamén estudo económico-financeiro xustificativo da viabilidade dos prezos ofertados para a execución do contrato e relación de medios materiais.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de quince días hábiles seguintes á data da publicación do acordo no perfil do contratante do órgano de contratación, presentase documento que acredítase ter constituído a garantía definitiva por importe de 18.889,01 euros e no mesmo prazo aportase a documentación requirida no apartado 19 dos pregos: acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social.

O acordo de adxudicación provisoria foi publicado no perfil do contratante en data 16 de marzo de 2010 e notificado ao adxudicatario en data 16 de marzo de 2010.

En data de 31 de marzo de 2010, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario por importe de 18.889,01 euros. Os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social foron presentados no proceso licitatorio.

Visto o Informe da intervención Municipal de data 12 de abril de 2010.

De conformidade co previsto no artigo 20 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, ACORDA:



**PRIMEIRO.-** Declarar válida a licitación, por entender suficiente a documentación e aval presentado polo adxudicatario provisorio e, en consecuencia, adxudicar definitivamente o contrato de de servizos de axuda no fogar do Concello de Moaña, á empresa **PRETO DE TI S.L.**, e cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta:

Prezo.- **377.781,84** euros (máis 26.444,73 euros de IVE) distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2010: 83.694 euros (máis 5.858,58 de I.V.E.)

Ano 2011: 90.518,28 euros (máis 6.336,28 de I.V.E.)

Ano 2012: 97.857,60 euros (máis 6.850,03 de I.V.E.)

Ano 2013: 105.711,96 euros (máis 7.399,84 de I.V.E.)

Ditas cantidades resultan da multiplicar por (prezo/hora) **10,7300 €** (IVE non incluído) as horas de servizos previstos para cada anualidade no estudo económico-financeiro que acompaña os pregos de licitación. O prezo efectivo do contrato será o resultante de multiplicar o número de horas de servizo realizadas polo prezo/hora ofertado.

- Persoal destinado á execución do servizo: Unha traballadora social, 15 auxiliares de axuda no fogar (2 contitulación de auxiliar de clínica e 4 tituladas auxiliares de enfermería).
- Inclúe tamén estudo económico-financeiro xustificativo da viabilidade dos prezos ofertados para a execución do contrato e relación de medios materiais.

**SEGUNDO.-** Que se notifique ao adxudicatario definitivo para que dentro do prazo de trinta días hábiles dende a notificación do presente acordo de adxudicación se presente no Concello para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas, debidamente compulsados.

Asemesmo e previamente á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar resguardo de ter ingresado na Tesourería do Concello as seguintes cantidades:

- Gastos derivados dos anuncios de licitación, por importe de 120,90 euros.

**TERCEIRO.-** Publicar o anuncio de adxudicación definitiva no Perfil do contratante e no B.O.P. e notificalo acordo aos licitadores.

## **15.- SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS**

Visto o escrito presentado por D.<sup>a</sup> Rosa García García, presidenta da "ASOCIACIÓN GALEGA DE PATCHWORK "CENTÓN"", no que solicita a inscrición desta asociación no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Moaña, e dado que achega toda a documentación requirida no Regulamento veciñal de participación cidadá para a inscrición de asociacións,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda inscribir a ASOCIACIÓN GALEGA DE PATCHWORK "CENTÓN" no Rexistro municipal de asociacións co número que lle corresponda.

## 16.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do 12 de abril de 2010 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica que non se puideron valorar as solicitudes das seguintes persoas polos seguintes motivos:

- Manuel Martínez Costa: por tela presentado fóra de prazo.
- María Piñeiro Paz: por non ter presentado documentación requirida (declaración da renda)
- Josefa Sequeiros García: por non ter presentado documentación requirida (ingresos de Emilio Castilla Sequeiros).
- María Vieitez Álvarez: Por non ter presentado documentación varia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar as solicitudes das seguintes persoas polos motivos recollidos no informe da traballadora social:

- Manuel Martínez Costa
- María Piñeiro Paz:
- Josefa Sequeiros García
- María Vieitez Álvarez:

## 17.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

17.A) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ BARROS	Saneamento, uso doméstico	Ribeira – Meira, 205	D <sup>os</sup> conexión saneamento.....180	Aqualia Arquitecto técnico

17.B) D.<sup>a</sup> María Nieves Andrade Costa, por escrito do 16.10.09, expón que recibiu notificación de Aqualia para o pago da taxa de saneamento, e solicita que se lle libere do pago de taxas xa que presenta factura do 6 de marzo de 2002 de Espina & Delfin pola acometida de augas fecais.

Visto que a conexión á rede de sumidoiros é do ano 2002 e estaría exenta do pagamento de taxas por aplicación do artigo 5 da Ordenanza vixente nese ano,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de alta no padrón de saneamento a D.<sup>a</sup> María del Carmen López Barros en Lourido 75 A.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.